



A N O S D E S P O I S

Dossier M A R K E T I N G E P R E N S A

febreiro 2010

Ficha da Pelicula

- TÍTULO "ANOS DESPOIS"
- TIPO DE PROXECTO LONGAMETRAXE
- XÉNERO DRAMA
- DURACIÓN 90' - 100' (APROX)
- GUIÓN LAURA GARDOS VELO
- DIRECCIÓN LAURA GARDOS VELO
- LINGUAS DE RODAXE: GALEGO-CASTELÁN
- PRODUTORAS: RINGO RANGO, (GALICIA), SENDEROS IMAGEN (MÉXICO) e FOPROCINE- IMCINE (MÉXICO)

Breve sinopse

Andrés (35 anos) vive en México DF e tras descubrir que o seu avó materno de orixe galego e que cría morto, **Justino**, aínda vive, decide visitar a aldea galega **Cartelle (Ourense)** onde vive para coñecelo. A nai de Andrés, **Clara**, escondeulle dende sempre que o seu avó estaba vivo.

Clara está resentida co seu pai, que traballou para o goberno franquista, por non impedir a morte da súa nai, **Carmen**, que foi asasinada pola súa afinidade co partido republicano.

Na súa viaxe a Galicia, Andrés coñece a **Monse** (35 anos), a veciña de Justino, coa a que acaba emparellado e pola que deixa á súa moza mexicana, **Isabel**. A saúde de Justino comeza a deteriorarse e co convencemento de Andrés e de Monse, Clara tamén viaxa a Galicia para retomar a relación co seu pai e compensar os anos perdidos.

Notas da directora

Anos Despois é un proxecto no que se propón tratar o conflito do distanciamento e o reencontro entre os membros dunha familia a raíz dunha guerra e das diferenzas ideolóxicas que conducen á súa separación; un factor externo que determina a historia e o presente da xente. A elección das localizacións principais (unha aldea en Galicia e A Cidade de México), así como dos personaxes que habitan nelas, permite mostrar o contraste entre diferentes estilos de vida nunha mesma familia. O urbano e o rural, a celeridade da cidade en contraposición coa vida calma dunha aldea, serán aspectos fundamentais na proposta visual, tanto no ritmo dos planos realizados como no da propia montaxe.

A psicoloxía dos personaxes dun lugar e outro, as súas diferentes idades ó longo da película, así como o sincretismo entre a cultura mexicana e a galega son factores que deben ser claramente proxectados no traballo de dirección.

Valores de produción da película

Anos Despois rodárase na súa maioría en Galicia (**Cartelle, Ourense**) e cun par de semanas de rodaxe en México, rodándose a meirande parte en galego, agás os actores mexicanos. Consecuentemente, empregáronse empresas de servizos galegas, como ás relativas ó aluguer de material de iluminación, cámara, son e outras que se precisen para a rodaxe (figuración, construción de decorados...).

A guionista e directora desta longametraxe é **Laura Gardos Velo**, neta do coñecido cineasta galego Carlos Velo, afincada actualmente en México. O guión, de feito, contén algunhas pinceladas autobiográficas da propia autora, que ten realizados varios documentais: "*Entre Dos Banderas*", "*Los hijos de los refugiados en México*", "*Vieiros*", Vida e Obra de Carlos Velo", (gañador do premio Pitirre de documental largometraje en el festival de Puerto Rico "Cinemafest 2000") que participaron en distintos festivais, entre outros, o Festival Internacional de Cine de Ourense, ademais de expoñer fai uns anos unha mostra de fotografías ("Sobre Impresiones") tamén en Ourense. A directora, ten participado como membro do xurado de curtametraxes no Festival Internacional de Cine de Ourense. **Anos Despois** supón un novo achegamento de Laura Gardos a Galicia, e concretamente a **Cartelle, Ourense**, vila da que é orixinaria a familia Velo.

Outro valor de produción importante é que o guión gañou en México o segundo lugar do Concurso Matilde Landeta para mulleres guionistas e adaptadoras de cine, 2007 e cabe mencionar tamén que haberá un par de cancións da cantante **María Do Ceo**, escritas orixinalmente para Anos Despois.

Ademais de ser galega a guionista e directora, dentro do equipo creativo, o músico, o director de fotografía son galegos, contando tamén cunha directora de produción, directora de arte e xefe de son galegos que compartirán cargo con profesionais mexicanos no devandito eido. Habará outros xefes de equipo (iluminación, maquillaxe, vestuario...), axudantes e auxiliares galegos no equipo técnico.

FICHA ARTISTICA


* casting_galego



Justino (88 e 54 anos)
CELSO BUGALLO
O Protagonista



Justino (20 anos)
DENIS GÓMEZ
O prota de novo




Carmen
MARÍA BOUZAS
A muller do prota



Clara (20-21 anos)
ISABEL NAVEIRA
A filla do prota de nova



Maruca (80 e 40 anos)
MELA CASAL
A veciña do prota



Camilo (60 anos)
ERNESTO CHAO
O Paí de Monse



Bea (60 anos)
ROSA ÁLVAREZ
A nai de Monse



Leiteiro (20 anos)
ALEJANDRO CARRO




Carme Xove
SONIA MÉNDEZ
A muller do prota de nova




Monse, la maestra
LEDICIA SOLA

* casting provisional mexicano



Andrés (32 años)
MOISÉS ARIZMENDI
O neto mexicano do prota



Clara (55-60 años)
ANGÉLICA MARÍA
A filla do prota



Isabel (25 años)
MICHELLE ROGEL
A noiva mexicana de Andrés

EQUIPO TÉCNICO PRINCIPAL

GUIÓN

Laura Gárdos Velo

DIRECCIÓN

Laura Gárdos Velo

PROD. EXECUTIVA

Antón Reixa, Tania Rodríguez & Ignacio Elizarrarás

DIR. PRODUCCIÓN

María Liaño & Elizabeth Cortés

DIR. FOTOGRAFÍA

Tonecho Vales

DIR. ARTE

Marta Villar & Abraham Arizpe.

MONTAXE

Laura Gárdos & Ignacio Elizarrarás

SON

Carlos Mouriño & Pablo Tamez

MÚSICA

Manu Riveiro

MAQUILLAXE

Estefanía Bello

Reseña Prensa: Vuelve Angélica María al cine con “Años Después”

La cantante y actriz señaló que le apuesta a la calidad del guión de Laura Gárdos Velo, quien además dirige su primer largometraje de ficción.

Lun, 25/01/2010 - 18:33



Ciudad de México.- La actriz Angélica María (**Angelica Maria Hartman Ortiz** (n. 27 de septiembre de 1944, Nueva Orleans, Louisiana, Estados Unidos) conocida artísticamente como **Angélica María** es una cantante y actriz mexicana nacida en Estados Unidos), retorna al cine para protagonizar la historia de amor y reencuentro "Años después", al apostar por la calidad del guión de Laura Gárdos Velo, quien además dirige su primer largometraje de ficción.

"La Novia de México" no aparecía en la pantalla grande desde su participación en "Mar de sueños" (2006), por lo que sólo una buena historia le ahorraría la negativa de retomar los sets de filmación, con el pretexto de involucrarse en otros proyectos.

"Después de tres años vuelvo y estoy encantada, cuando leí el libreto de verdad me gustó. Es una película con conflictos, nostalgia y tantas cosas", consideró la intérprete durante el inicio del rodaje.

Aunque se trata de su primera película con la realizadora, la relación con Gárdos Velo proviene de la admiración a su trabajo en cortometrajes, así como

de la nostalgia de haber conocido a su abuelo, **el cineasta de origen español Carlos Velo (1909-1988)**.

"Este filme también me llena de recuerdos y de nostalgia, porque **si yo aprendí a amar Galicia fue por Carlos, él era gallego y me platicó de aquel lugar, donde vamos a filmar la segunda parte de esta historia**", expresó.

Anticipó que será un largometraje "sensacional", con un elenco conformado por Moisés Arizmendi, Emilio Guerrero, Michel Roguel, **Celso Bugallo**, Tania Olhovich, Salvador Hurtado (**María Bouzas, Leticia Sola, Mela Casal, Ernesto Chao**) entre otros actores.

Fuente: www.milenio.com.....

Fotos Rodaxe



Mexico DF

Contacto prensa: Información:

- Productora RINGO RANGO/
- Persona de contacto: [Cani Martínez Paz](#)
- Tel. [981 160 188](#)
- E-mail: cani@filmanova.com .
- Web: www.filmanova.com